

O parque O Bosque dos Veciños, un novo espazo para o lecer no municipio

Páxinas 10 e 11



Concello de  Oleiros

O Concello prevé fortalecer o tecido empresarial coa edificación de 17 naves industriais en Iñás

Páxina 8

Vivir en Oleiros

Número 32
Xaneiro 2010
Toda a actualidade en:
www.oleiros.org

A Banda da Escola de Música, durante a súa actuación no certame de bandas que se celebrou no Auditorio de Galicia, en Santiago de Compostela



Ocioleiros e Xoveoleiros regresan en febreiro con novas actividades

Páxina 18

O Goberno local propón remodelar a rúa Viñas de Babilonia, en Santa Cruz

Páxina 4

A BANDA-ORQUESTRA DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DO CONCELLO DE OLEIROS ACADOU O PRIMEIRO PREMIO NO CERTAME GALEGO DE BANDAS

■ A calidade, a sensibilidade e a mestría na execución das obras musicais do alumnado da escola así como o empeño, o agarimo e a musicalidade do seu novo director Alberto Piñeiro, fixo posible a proeza. Hai meses, neste mesmo medio destacábase a banda-orquestra como «Orgullo de Oleiros», non nos equivocábase!

A Escola Municipal de Danza contará cunha nova sede construída nunha parcela de 5.000 m²

Páxina 5

O Concello conxela a subida de impostos para este ano e continúa coa política de bonificacións

Páxina 13

Como saber
onde
está todo
en
Oleiros

AXENDA
Páxina 19



Alternativa dos Veciños

TRINTA ANOS NON SON NADA

Hai xa trinta anos e, como máis ou menos di o tango de Gardel, trinta anos non son nada, aínda que "ni febril la mirada", "ni la frente marchita", mais si algo xa prateada a sen, desde a Alternativa dos Veciños continuamos coa mesma forza, co mesmo espírito, coas mesmas ganas e tan vinculados ao pobo como hai trinta anos cando, do ventre do movemento asociativo, nace Alternativa dos Veciños. Gobernando nunha minoría forte e firme, quen nos guía non son doces recordos, senón un presente do que somos plenamente conscientes, vivindo un agora e un hoxe que nos fai camiñar a carón dos novos tempos, mais sen esquecer que tras de nós virán outras xeracións de oleiros aos que lles debemos deixar un legado cheo de comodidades, de modernidade, mais tamén de natureza, velai O Bosque dos Veciños, parque para o gozo e o lecer; tamén de urbanismo ordenado, razoable e accesible, numerosos premios,

entre eles o León Felipe, así o testemuñan; e de lugares onde poder desenvolver unha conciencia libre e crítica, xa son 9 os centros de ensinanza situados en Oleiros, estando pendente só dunhas xestións a construción do décimo, así como a existencia dunha decena de bibliotecas públicas onde poder acceder á información, tanto escrita como a existente na rede a través de internet.

Un trienio en democracia, unha democracia que Alternativa dos Veciños levou ata o cerne do seu organigrama. Son os veciños e as veciñas os que elixen as persoas que os representarán nas eleccións. Para iso se convocan unhas asembleas abertas parroquiais ás que se pode presentar todo aquel que cumpra co perfil de honradez, idoneidade, tolerancia, entrega, capacidade e un compromiso incondicional coa Alternativa dos Veciños, para ser elixido polos habitantes da súa zona. Logo desta selec-

ción previa, pásase a unha final onde se escollen os 24 representantes que irán na lista electoral. Non existen designacións "a dedo", é o pobo quen decide nun exemplo de liberdade máxima. Por iso, convencidos de que o camiño da democracia é o que nos levou a onde estamos, realizaremos este ano o II Congreso da Alternativa dos Veciños onde poder debater, aberta e libremente, os principios que nos moven, que nos sustentan como grupo aberto, asembleario e sen afiliacións, sempre apoiados nun progresismo e nun pluralismo total. Un congreso onde, coas suxestións dos nosos veciños e das nosas veciñas, adaptarnos aos novos tempos, avanzar ao carón dunha sociedade que necesita de dirixentes que non se queden estancados tan só nun idealismo de papel, que se atrevan a erguer a voz cando sexa necesario, que non lles treme o pulso cando se teñan que enfrontar a eses grupos de poder que, desde unha

covarde e infranqueable sombra, tentan facer que este mundo só cambie en aparencia e non nos seus alicerces.

Iso é o que fixemos cando nacemos hai trinta anos, cambiar unha orde establecida, exercer de auténtica alternativa para dar voz a quen non a tiña e en tantos lugares aínda non a ten.

Trinta anos nos que nos atopamos na plenitude da nosa vida, coa forza, coa constancia e co empeño de quen xa ve parte do seu esforzo recompensado nas olladas dos seus, sabendo o que queremos, coidando con responsabilidade dos nosos, non nos deixando enganar por falsos profetas de non tan novas doutrinas pero, iso si, co espírito crítico de quen sabe que queda moito por facer, que errou porque tamén tentou sen descanso levar adiante sempre o máis axeitado para o pobo de Oleiros.



Partido Popular de Oleiros / Pablo Cobián, portavoz do PP de Oleiros

OLEIROS NECESITA CON URGENCIA UN NUEVO PRESUPUESTO PARA HACER FRENTE A LA CRISIS

El Partido Popular de Oleiros considera fundamental que el Ayuntamiento presente cuanto antes los presupuestos de 2010 y se ofrece a colaborar con el Gobierno local en su elaboración para tratar de paliar en lo posible los efectos de la crisis económica. El grupo popular recuerda que desde hace mucho tiempo el Ayuntamiento aprueba sistemáticamente sus presupuestos con retraso y fuera de plazo y sostiene que este año es especialmente importante aprobar el nuevo documento pronto para poner en marcha medidas contra la crisis que permitan mantener los servicios y la calidad de vida de los vecinos y mejorarlos si es posible.

El Partido Popular cree que es una

irresponsabilidad llegar a final de año sin tener ni idea de cómo se pretende afrontar el próximo ejercicio desde el punto de vista económico. Por ello planteará sus propuestas al Gobierno para abrir una vía de diálogo que permita la presentación y aprobación del documento cuanto antes.

El Partido Popular defenderá el fortalecimiento de los servicios que presta el Ayuntamiento. Este grupo entiende que en los últimos años ha habido un considerable nivel de obra pública, pero al mismo tiempo constata, igual que numerosos vecinos, el deterioro de muchas infraestructuras, como colegios, escuelas infantiles, piscinas, parques y otros equipamientos. Es necesario

reforzar el mantenimiento de todo este patrimonio municipal para permitir su correcto disfrute a los vecinos. Por ello, el PP propondrá aumentar las partidas destinadas a conservación en detrimento de nuevas obras. Es prioritario mantener en buen estado los equipamientos que existen antes de crear otros nuevos.

El grupo popular propondrá reforzar las partidas destinadas a limpieza, mantenimiento de instalaciones y seguridad ciudadana que, pese a los esfuerzos del Ayuntamiento, siguen teniendo graves deficiencias.

También incluirá actuaciones que traten de dar respuesta a las consecuencias de la crisis, como la promoción de

vivienda en alquiler, dirigida a los jóvenes y a personas con menos recursos, y un aumento de las ayudas a las pequeñas y medianas empresas. Para ello sugiere revisar las exenciones y bonificaciones fiscales con el objetivo de favorecer la implantación de empresas en el municipio y la creación de empleo.

Este grupo hará todo lo que esté en su mano para que el Ayuntamiento de Oleiros pueda aprobar lo antes posible el presupuesto, ofreciéndole su colaboración no sólo a Alternativa dos Veciños, sino al resto de partidos, a través del diálogo y su predisposición a trabajar en la aprobación de las cuentas municipales.



Grupo Municipal Socialista / Covadonga Díaz Varela. Voceira do Grupo Municipal PSdeG.- PSOE. Concello de Oleiros

GOBERNO MUNICIPAL DE OLEIROS: SOBRA INTOLERANCIA, FALTA INICIATIVA

O Grupo Municipal Socialista impulsa cada día propostas para **mellorar os equipamentos e os servizos públicos de Oleiros**. O PSdeG-PSOE presentou na última sesión plenaria da Corporación Municipal dúas mocións moi relevantes: unha para construír un novo Colexio de Educación Infantil e Primaria e outra para iniciar o planeamento da Cidade Deportiva de Bastiagueiro prevista no Plan de Urbanismo.

O novo colexio e a cidade deportiva xa

son viables grazas á aprobación do Plan Xeral, que foi posible polos votos do Grupo Municipal Socialista e ás súas aportacións. Agora, e non antes, hai solo clasificado urbanísticamente para poder acometer estas dúas actuacións.

O novo colexio é unha necesidade imperiosa que debe ser unha realidade inmediata para manter un ensino público de calidade xa que están saturados os centros existentes. O Concello debe obter o solo necesario e entregalo á Xunta para

que esta poida construír o Centro.

Por outro lado o **PSdeG-PSOE** considera necesario desenvolver a Cidade Deportiva de Bastiagueiro para dar un **salto cualitativo en materia de instalacións deportivas**. Oleiros, con máis de trinta mil habitantes, necesita instalacións modernas, así como actualizar as existentes, dotar de herba artificial ós campos de fútbol, e reparar outras instalacións que presentan un estado moi deficiente, como o Pavillón Polideportivo da Rabadeira.

O Alcalde nin fai, nin deixa facer. Carece de iniciativa e **adícase a obstruír a labor do Grupo Socialista** impedindo, dun xeito antidemocrático e ilegal, as votacións destas propostas. "O que sementa ventos, recolle tempestades", a nave do Alcalde estase indo a pique pola intolerancia do patrón.

O Grupo Municipal Socialista seguirá traballando e presentando propostas para mellorar a calidade de vida dos veciños.



Bloque Nacionalista Galego / Fina Quintáns Antelo. Portavoz do BNG no Concello de Oleiros.

O GOBERNO LOCAL INCUMPRE AS SÚAS OBRIGAS

O goberno local incumpre as súas obrigas pois en vez de velar polos intereses de todos os veciños e veciñas do concello toma partido na defensa de ilegalidades por parte de empresas concesio-

narias de servizos públicos municipais, como a que xestiona a Escola Municipal de Música, a pesar dos moitos problemas laborais, educativos e de xestión que existen nela. Ademais, estes

problemas prexudican a imaxe do concello e o goberno local négase a tomar medidas contra unha empresa que debe indemnizar os veciños e veciñas de Oleiros por danos e prexuízos, e

que debe responder das incompatibilidades das persoas propietarias. Quizais o alcalde, imputado por un delito de negociacións prohibidas a funcionarios se sinta solidario.

EDITORIAL

● MANTEÑAMOS ACENDIDA A CHAMA DA LIBERDADE

◆ Lonxe quedan os anos en que os españois tivemos que enfrontarnos á dura tarefa da transición da ditadura franquista cara a unha sociedade democrática.

Foron anos difíciles e de verdadeira crise, diferente á actual, na que existía unha maioría de cidadás e cidadáns cunha ansia inmensa de liberdade e progreso.

Partiamos dunha carencia total de valores respectuosos co cidadán, que foran mutilados pola ditadura.

Foi unha loita e un traballo constante na rúa e nas fábricas; a organización era a través dos sindicatos obreiros e os partidos políticos nos que os únicos fins eran os ideolóxicos e non os monetarios como, lamentablemente, ocorre na actualidade. Na súa inmensa maioría loitábase pola democracia e polos valores que esta levaba implícitos: liberdade, traballo digno e remunerado, convivencia social, participación cidadá, xustiza, dereitos humanos...

Esta loita pola democracia orixinou o nacemento de amplos movementos veciñais que, en gran parte, foron os motores do cambio en pobos e cidades, máis en Galicia onde determinados partidos políticos non tiñan arraigo entre a poboación debido ao caciquismo e ao medo á militancia xerado en épocas pasadas.

En Oleiros, o movemento asociativo, tivo unha forte implantación grazas ao que naceu unha ampla e variada gama de asociacións veciñais, culturais, deportivas, gremiais...todas elas abertas e participativas, o que fixo e fai posible que o nivel social e cultural do noso

concello sexa vangardista en moitos aspectos e que hoxe gocemos dunha calidade de vida que non existe en máis do 90 % dos concellos galegos e doutras zonas do Estado.

A crise actual xunto co mal uso das novas tecnoloxías, a manipulación dos medios e a degradante programación televisiva tamén en Oleiros, empezan a xerar desidia e falta de participación en amplos sectores da poboación que sen darse conta se deixan levar por maquinitas de xogos unipersoais e violentos, por programas basura, polo uso abusivo e gravoso de liñas telefónicas, lavado de cerebro....

Xa non queda tempo para os faladoiros, para pasear, para amar, para compartir cos amigos de forma sa, para participar nas distintas asociacións, para o deporte. Sen darnos conta e co paso dos días ímonos facendo máis insociables, máis egoístas, fáltanos capacidade de análise e de crítica, de pensar por nós mesmos, volvémonos depresivos e obesos.

Non debemos permitirmos o luxo de perder todo aquilo polo que temos loitado. Non podemos deixarnos levar por modas deseñadas para manipularnos e anularnos como seres sociables. Somos maioría, debemos participar e compartir a nosa vida e experiencias cos nosos veciños e amigos, debemos dedicar tempo aos nosos fillos e á nosa familia, temos a obriga de seguir loitando por todo aquilo polo que tanto loitaron os nosos pais, avós ou en moitos casos nós mesmos. Manteñamos acendida a chama da liberdade, a fraternidade e a solidariedade.



**Orgullosos de
vivir en OLEIROS**


Concello de  Oleiros

O GOBERNO MUNICIPAL PROPUXO INCLUÍR NO PLAN PROVINCIAL AS OBRAS DE REFORMA E MELLORA DA RÚA VIÑAS DE BABILONIA ▼

◆ Nos próximos meses o Concello levará a cabo unha reforma na rúa Viñas de Babilonia, en Santa Cruz. Esta obra inclúe a construción de novas beirarrúas e o soterramento dos colectores de lixo. O proxecto prevé renovar o pavimento das beirarrúas e canalizar diferentes servizos de subministración como o de electricidade, telefonía, iluminación ou auga. Ademais, o proxecto inclúe unha importante ampliación do número de prazas de aparcamento nesta zona. Así mesmo, contéplase a colocación de cinco novos puntos de recollida de lixo soterrados que permitirán eliminar os contedores da superficie. Colocaranse dous depósitos subterráneos na rúa Viñas de Babilonia e un na rúa Concepción Arenal. Ademais inclúese a colocación doutra instalación deste tipo noutros lugares de Santa Cruz, como a rúa

Ricardo Cubeiro, a avenida Emilia Pardo Bazán, na zona próxima á gasoleneira e outro máis na praza de Liáns. Este proxecto suporá un investimento total de 578.859,82 euros.

Estes contedores soterrados permitirán eliminar a presenza do lixo das rúas ao mesmo tempo que contribuirá á eliminación dos cheiros provocados por este, xa que os residuos permanecerán almacenados no subsolo en todo momento, agás cando vaian ser recollidos, que ascenderán á superficie a través dun mecanismo hidráulico. Este sistema de almacenamento e recollida de lixo xa está instalado na urbanización Meixón Frío e na urbanización As Pezocas. O seu elevado custo fai que a súa implantación no municipio sexa paulatina.



A SEGUNDA FASE DO PASEO DE MERA, INAUGURADA



◆ Tras máis de trece anos de atrancos e dificultades, o Goberno local de Oleiros logrou facer realidade un vello compromiso: dotar a localidade de Mera dun paseo marítimo que permitise aos seus veciños e aos visitantes percorrer libremente o litoral. Este percorrido costeiro completárase proximamente coa senda costeira que unirá Canide con Santa Ana. Terá unha lonxitude superior aos 600 metros e suporá un investimento de 500.000 euros, máis o gasto que supón a adquisición dos terreos.

PRÓXIMA ADXUDICACIÓN DE 18 VIVENDAS DE PREZO PROTEXIDO NA URBANIZACIÓN MESÓN DA AUGA, EN NÓS ▼

◆ Vanse adxudicar as 18 vivendas de prezo protexido construídas hai máis dun ano na urbanización Mesón da Auga, na parroquia de Nós. Aqueles veciños que queiran participar no sorteo deberán cumprir os requisitos establecidos nas bases para acceder á vivenda protexida e darse de alta na lista única de solicitantes aberta para tal fin na Delegación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Vivenda) da Xunta de Galicia.

Estas vivendas, que poden ser adquiridas en propiedade ou en aluguer, son de nova construción, encóntranse pendentes de ser habitadas. Inexplicablemente, o proceso de adxudicación estivo paralizado un ano. Despois da última xuntanza que o alcalde mantivo co novo responsable da Xunta, esta situación quedou desbloqueada e finalmente, respectarase o convenio asinado entre o Concello e a Xunta no que se establecía que os adxudicatarios deben ser veciños de Oleiros. Nas oficinas municipais de Benestar Social do Concello facilitarase máis información.






■ Vivendas a adxudicar

OLEIROS CONTARÁ CUNHA NOVA SEDE PARA A ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA ▼

◆ O Goberno local levará ao Pleno do Concello a inclusión no Fondo Estatal de Inversión Local, que este ano destina ao Concello de Oleiros 3,5 millóns de euros, a construción dunha nova sede para a Escola Municipal de Danza. O edificio estará situado nunha parcela de 5.000 metros cadrados, nas inmediacións do colexio Valle Inclán, en Perillo. O edificio, que ocupará nunha soa planta un total de 1.000 metros cadrados de construción, estará dotado de todo tipo de salas e servizos necesarios para o ensino da danza.

Con esta medida o Goberno municipal pretende mellorar a calidade do ensino e ampliar o número de matrículas, tanto da escola de danza como da de música, xa que ambas comparten as instalacións da Fábrica. Coa construción do novo edificio as salas, que actualmente acollen a actividade da escola de danza, dedicaranse á escola de música e aloxaranse salas de ensaio para músicos novos, estimulando a creación de novas bandas musicais.

Deste modo, eméndanse os déficits da actual sede, provocados por parte dos grupos da oposición ao eliminar a construción do auditorio de Bastiagueiro, no que se incluían as instalacións da Escola Municipal de Danza. Que o PP, PSOE e BNG invalidaran este contrato supuxo ás arcas municipais o pagamento dunha indemnización de 196.060 euros.



■ Planos da nova sede da Escola Municipal de Danza que se construírá nunha parcela de 5.000 metros cadrados en Perillo

O GOBERNO LOCAL REVISA 82 INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS MUNICIPAIS

■ O Concello está realizando a revisión de todas as instalacións eléctricas municipais segundo establece a lexislación vixente. O obxecto é garantir a seguridade dos edificios públicos e complexos municipais ante riscos por defectos nas redes eléctricas interiores deses locais.

◆ A revisión afecta a 52 edificacións de uso público e a 30 bombeos e depuradoras. No caso dos 4 colexios públicos onde o Concello só ten a obriga de conservación e mantemento, a Concellería remitirá á Xunta de Galicia aqueles defectos atopados e que non se deban ao incorrecto mantemento ou á conservación, senón a defectos da construción ou do deseño da instalación. No caso dos bombeos e

das depuradoras que se construíron ou renovaron recentemente, o Concello remitirá a Augas de Galicia os defectos atopados non debidos ao incorrecto mantemento, senón a defectos construtivos, co fin de que realice as reparacións correspondentes. No resto dos casos, o Concello resolverá as incidencias atopadas que na maioría dos casos son de carácter leve.

DEBEMOS AFORRAR ENERXÍA ▼



■ Os novos farois reducirán a contaminación lumínica e aforrarán enerxía

◆ O Goberno municipal informa de que, dentro do programa de eficiencia enerxética na iluminación, renováronse as luminarias do paseo marítimo de Santa Cristina, desde o edificio da Fábrica ata a altura do Hotel Rías Altas. Así mesmo, tamén se instalaron novas luces no parque José Martí, substituíndo os vellos globos existentes, que provocaban unha alta contaminación lumínica e un elevado gasto

enerxético, por outros máis eficientes e coa parte superior opaca de modo que dan máis luminosidade e aforran enerxía. Os globos substituídos no paseo alcanzan o número de 86 e supoñen un investimento de 40.254 euros. Con esta actuación e seguindo a liña de respecto co medio ambiente, o Concello xa eliminou o 95% das lámpadas de vapor de mercurio que estaban instaladas no municipio.

MELLÓRASE A ILUMINACIÓN PÚBLICA NA AVENIDA REPÚBLICA ARXENTINA

◆ O Goberno local renovou a iluminación da avenida República Arxentina. Substituíronse os antigos farois e os postes de formigón situados na beiravía desta avenida, entre as curvas do Río do Seixo e a intersección das Camposeiras, instalando novas luminarias cos cables da canalización que se deixara prevista baixo as beirarrúas. Estes postes eran do tendido eléctrico que xa Fenosa, hai uns meses, soterrou.

INAUGURADA A NOVA PISTA CUBERTA DE MEIXÓN FRÍO ▶

◆ Este novo equipamento deportivo ao servizo do deporte de base está situado no centro da localidade de Santa Cruz. Esta polideportiva cuberta, dotada de gradas para 5000 persoas, supuxo un investimento total de 385.116 euros. O Concello de Oleiros dispón actualmente de pistas polideportivas cubertas nos lugares de Lorbé, Dexo, Arillo, O Vilar, Iñás, Perillo, Os Regos e Oleiros.

■ O alcalde e varios membros do Goberno local durante a inauguración da nova pista cuberta de Santa Cruz ▶



PROCÉDESE A SACAR A LICITACIÓN O SERVIZO DO NOVO COMPLEXO DEPORTIVO DA ZONA NORTE ▼



◆ Estanse a finalizar as obras de construción do novo complexo deportivo municipal situado na localidade de Arillo, na parroquia de Dorneda. O Goberno municipal sacará a licitación a prestación do servizo deste complexo deportivo de forma previa á súa posta en funcionamento ao longo do primeiro semestre deste ano. Estas instalacións contan cun total de 3.262 metros cadrados e a súa edificación supuxo un investimento de 2,7 millóns de euros. Ao que hai que sumarlle o custo que suporá a dotación de todo o material deportivo que se instalará nas dúas plantas de ximnasio e no resto do complexo, cuxo gasto será

a cargo da empresa adxudicataria do servizo. O complexo deportivo disporá dunha moderna e ampla piscina con dous vasos. Ademais a nova instalación que se construíu en Arillo posúe catro ximnasios e unha sala de exercicio cardiovascular.

Con esta nova piscina, que é a cuarta de titularidade municipal, darase cobertura á totalidade das persoas usuarias e especialmente, ás do norte do municipio.

OLEIROS RENOVA E PLANTA NOVAS ÁRBORES NAS ZONAS URBANAS DO MUNICIPIO ▼

◆ Un ano máis, o Concello procederá á plantación masiva de árbores, dándolle prioridade á reposición da vexetación das zonas urbanas situadas nos parterres das beirarrúas, prazas e zonas verdes. As árbores secas ou deterioradas por actos vandálicos serán repostas

por outras de especies máis resistentes aos ámbitos urbanos. Así mesmo, incrementarase o número de exemplares nas zonas verdes situadas nas distintas localidades de Oleiros. O Concello destinará máis de 60.000 euros en renovar e plantar novas árbores.

ESTASE A MELLORAR A REDE DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA EN SANTA CRUZ

◆ O Concello está a renovar as tubaxes de auga na rúa Suárez Picallo e na rúa Nogueira para evitar que se repitan os problemas na subministración de auga que sufriron o pasado mes de novembro os veciños desta zona de Santa Cruz.

A rede de auga construída a finais da década dos setenta carecía de chaves de corte en caso de rotura. Ademais, estas conducións foron construídas utilizando tubaxes de uralita, o que provocaba continuas roturas e avarías.

Os traballos consisten na instalación dunha nova tubaxe por ambas marxes da rúa Suárez Picallo e parte da rúa da Nogueira. No cruce entre ambas rúas instalaranse varias chaves de paso. O investimento total nesta mellora da rede é próximo aos 30.000 euros, que o Goberno local decidiu asumir no seu momento con cargo ao orzamento do pasado ano, co fin de evitar que os problemas de abastecemento se volvan a repetir nesta zona.


A UTILIZACIÓN DO PUNTO LIMPO NON É UNHA ALTERNATIVA, É UNHA OBRIGA. ÚSAO

■ HORARIOS: de luns a venres, de 09:30 h a 13:00 h e de 15:30 h a 19:00 h ● Sábados: de 09:00 h a 14:00 h

O GOBERNO PROPUXO INCLUÍR NO FEIL A CONSTRUCCIÓN DE 17 NAVES INDUSTRIAIS DESTINADAS A FOMENTAR A CREACIÓN DE NOVAS EMPRESAS ▼

◆ O Goberno local construíra 17 naves no polígono industrial de Iñás. Estas instalacións están destinadas a fortalecer o tecido empresarial do municipio e serán construídas en parcelas de propiedade municipal adquiridas gratuitamente a través da xestión urbanística. Estas terán unhas dimensións aproximadas de 230 metros cadrados cada unha. As obras serán financiadas a través do Fondo Estatal de Inversión

Local do Plan E do Goberno de España, que ten como unha das súas prioridades o fomento do emprego. O investimento que se vai realizar nesta nova infraestrutura é de 1.748.397 euros. Unha vez rematada a obra, o Concello prevé alugar as naves a novos emprendedores, a empresas interesadas en ampliar as súas instalacións ou a aquelas empresas que desexen trasladarse desde outros núcleos para mellorar os seus locais.



■ Aspecto das novas naves industriais que o Concello construíra no polígono industrial de Iñás

OLEIROS INSTALA UNHA NOVA OFICINA DE INFORMACIÓN TURÍSTICA ►

◆ O Concello instalou unha nova oficina permanente de información turística. Esta oficina situada na avenida das Américas, en Santa Cristina, permitirá ofrecer esa información durante todo o ano. O seu deseño é singular e está equipada con novas tecnoloxías, de modo que a súa iluminación obtense mediante enerxía solar. A oficina ademais dunha sala de información xeral, dispón dun aseo, dun almacén e é accesible para discapacitados. Este novo punto de información supuxo un investimento próximo aos 58.000 euros. Con esta instalación, Oleiros dá un paso máis na promoción permanente do noso atractivo paisaxístico, medioambiental, social e gastronómico e permitirá atender os nosos visitantes con maior comodidade.



■ Aspecto do novo punto informativo pouco antes da súa apertura en Sta. Cristina

DÚAS NOVAS EMPRESAS COMEZARON A TRABALLAR NO MANTEMENTO E NA LIMPEZA DO MUNICIPIO ▼



◆ O pasado 16 de novembro comezaron a traballar dúas novas empresas de servizos, unha encargada do mantemento e da limpeza dos parques e zonas verdes e outra da limpeza viaria naqueles núcleos urbanos e periurbanos que ata a data carecían deste tipo de servizo. Con estas novas adxudicacións, o Concello pretende mellorar os contornos dos núcleos e das urbanizacións, así como mellorar a calidade demandada polos cidadáns das zonas nas que agora se amplía o servizo. Os traballos realizaranse un de cada dous días na maior parte dos lugares de nova implantación e dous ou un día á semana, naqueles onde a súa conservación non requira un traballo tan continuado. Estas dúas empresas súmanse a outras tres que xa foron contratadas polo Goberno local con anterioridade e que realizan a súa actividade nas zonas máis urbanas do municipio, así como nos parques e zonas verdes de maior uso por parte da cidadanía.

LEVARASE A CABO UN PROXECTO DE MELLORA DA SINALIZACIÓN VIARIA EN TODO O MUNICIPIO ▼

◆ O Goberno municipal está a renovar gran parte da sinalización horizontal e vertical das vías municipais. As obras, basicamente, consisten no repintado das calzadas, incluíndo o pintado de pasos peonís, a instalación de novos sinais de regulación do tráfico, e a colocación de morróns e outros elementos que posibilitan a mellora da seguridade viaria, como as bandas sonoras e as bandas rugosas, destinadas a regular a velocidade da circulación. Este proxecto de mellora da seguridade viaria e de renovación da sinalización das vías de titularidade municipal supón un investimento total de 92.684, 60 euros.

Os pasos de peóns que se van instalar son os seguintes: dous pasos na avda. Jiménez Herrero, un paso na rúa do Golfinho, cinco pasos de peóns na rúa Celso Emilio Ferreiro, dous pasos de peóns na avenida María Pita na zona da rotonda de Canide, dous pasos de peóns nas rúas Palestina e Gaza, un na rúa de Abeleiras, un na rúa Concepción Arenal, un na rúa Cormorán, un na rúa do Ocaso, un na rúa do Areal,

dous na rúa da Barreira, un na rúa do Romeu, catro na glorieta do Lucín, dous na rúa Linneo, un na rúa Hábitat, dous na rúa Kenia, cinco en Che Guevara na zona de Perillo, seis na avenida das Américas, dous na rúa Darwin, dous na rúa Miradoiro, dous en Xuncal, Mendel, Humboldt, Valle Inclán, Víctor López Seoane, Peixe, Mazota, Rafael Alberti, rúa do Inglés, Rosalía de Castro no acceso á biblioteca Rialada, no centro cultural de Montrove, oito pasos na urbanización dos Regos, un na rúa de Souto, un na rúa Marcial de Adalid, dous en Viñas de Babilonia, catorce pasos na urbanización Icaria, catro na rúa Emilia Pardo Bazán, catro na rúa Romardeiro, un na rúa das Torres, tres na rotonda da Veiga e cinco na rúa do Morrazo, en total 109 pasos de peóns.

Tamén se inclúen outras actuacións como a sinalización de paradas de buses, liñas de calzada, aparcamentos para discapacitados, sinais verticais, nun total de 121 rúas de todo o termo municipal.



O PARQUE NATURAL O BOSQUE DOS VECIÑOS, UN NOVO PARQUE PARA O LECER ▼



◆ Tras un longo proceso de recompilación de terreos a través de convenios e expropiacións, o Concello de Oleiros dispón de máis de 320.000 metros cadrados de zona verde entre a praia de Bastiagueiro, o contorno da igrexa de Liáns e a zona alta de Montrove, coñecida como Monte do Sino. Estes solos, que a través dos distintos plans xerais de ordenación urbana foron cualificados como destinados a parque natural, constitúen un ámbito de máis de 400.000 metros cadrados que foron completados coa aprobación do plan vixente con outros 100.000 metros cadrados desde o alto de Perillo ata as instalacións do Inef. Estes terreos, do mesmo xeito que a maior parte das outras 40 hectáreas, foron achegados de forma gratuita ao Concello a través da elaboración de distintos convenios urbanísticos, nos que se compensará o conxunto dos propietarios cun aproveitamento urbanístico noutras zonas. En total, máis de 500.000 metros cadrados que permitiron crear un gran pulmón verde entre os núcleos de Perillo, Montrove e Santa Cruz.



◆ Na actualidade, a zona do parque situada tras a praia de Bastiagueiro e o bosque que se estende desde a pista de monopatín ata a igrexa de Liáns está acondicionada e prestando servizo. Este espazo foi financiado a través do Fondo Estatal de Investimento Local e supuxo un gasto total de 297.000 euros. A execución desta obra permite poñer en uso e a disposición da cidadanía unha área de máis de 70.000 metros cadrados dotada de agradables paseos, áreas para a lectura e a práctica do deporte e merendeiros. Durante os traballos, elimináronse unha masa de eucaliptos de pequeno tamaño e no seu lugar, plantáronse numerosas árbores autóctonas, que inclúen árbores de madeiras nobres e froiteiras, como nogueiras, carballos, faias, bidueiros, loureiros ou cerdeiras. O obxectivo é promover un hábitat que axude a conservar as poboacións de aves e animais de bosque existentes na zona.



O parque forestal de Liáns pasa a chamarse «O bosque dos veciños»

Igrexa vella de Liáns



■ A actuación de recuperación ambiental do parque forestal de Liáns incluíu a retirada de eucaliptos de pequeno porte e a plantación de árbores autóctonas. Así mesmo, habilitáronse distintas sendas construídas en madeira e elevadas sobre o terreo para reducir a acción do home no medio natural. Tamén se colocou mobiliario urbano e deportivo que posibilita o desenvolvemento de distintas actividades na zona. Por último, sinaláronse os recursos ambientais e instaláronse varandas de protección nas zonas de risco.



O CONCELLO SOLICITA Á XUNTA 10 CURSOS PARA DESEMPREGADOS PARA O 2010 ▼

◆ O Concello de Oleiros solicitou á Consellería de Traballo e Benestar da Xunta impartir ao longo deste novo ano un total de 10 cursos formativos para persoas desempregadas. As disciplinas elixidas polos técnicos municipais abarcan unha ampla gama de profesións que contan cunha boa saída laboral. En total son máis de 6.430 horas lectivas que se dividen en leccións de albanería, carpintería, cociña, informática ou fontanería. Ademais solicitaronse cursos de pintor, escaiolista e pasteleiro.

O obxectivo destas sesións formativas é posibilitar a inserción laboral das persoas usuarias aproveitando o tempo en que estes se encontran en período de desemprego. A experiencia de pasados anos pon en valor este tipo de medidas, xa que unha alta porcentaxe dos alumnos do Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo encontraron traballo na especialidade na que recibiron formación.

Está previsto que os cursos que sexan concedidos pola Xunta para este ano 2010 comencen a mediados do mes de abril ou principios de maio. As sesións formativas están dirixidas aos demandantes de emprego inscritos no Servizo Público de Emprego. Todas as persoas que estean interesadas en participar nalgún destes cursos poden poñerse en contacto co Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo, sito no número 24 da rúa dos Regos, na urbanización dos Regos, visitando as oficinas ou ben, chamando por teléfono ao número 981 610 319 ou ao 981 631 706.



■ OS CURSOS SOLICITADOS ▼

Nº DE CURSOS SOLICITADOS	ESPECIALIDADE	Nº HORAS
1	ALBANERÍA	860
1	CARPINTERÍA	820
1	COCIÑA I	835
1	ESCAIOLA	940
1	FONTANERÍA	790
2	INFORMÁTICA DE USUARIO	225
1	PASTELERÍA	490
1	PINTURA	660
1	COCIÑA II	810



O GOBERNO LOCAL PREVÉ AMPLIAR O CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO CON 12 NOVOS POSTOS DE TRABALLO

◆ O Goberno local propondrá dentro do orzamento para este ano a creación de 12 novas prazas. O incremento dos servizos que o Concello presta aos veciños, xunto co continuo crecemento da poboación nos núcleos urbanos e nas urbanizacións, provoca un incremento da demanda de necesidades por parte da comunidade. As novas prazas tratarán de reforzar o funcionamento da vida municipal, ao mesmo tempo que mellorarán a efectividade do labor público. Deste xeito, o

Goberno local propón a creación dun posto de traballo de auxiliar administrativo/a, que reforzará o actual persoal administrativo, xunto con dúas prazas de orientador/a profesional, unha de enxeñeiro/a técnico/a, unha de operario/a de servizos xerais, unha de traballador/a social, catro de policía, unha de animador/a e unha de auxiliar de bibliotecas.

OS NOVOS POSTOS: ▼

- 1 auxiliar administrativo/a
- 4 policía
- 1 enxeñeiro/a técnico/a
- 1 operario/a de servizos xerais
- 1 traballador/a social
- 2 orientadores/as profesionais
- 1 auxiliar de biblioteca a xornada completa
- 1 animador/a



OLEIROS CONXELA A SUBIDA DE IMPOSTOS PARA ESTE ANO ▼

■ O Concello de Oleiros conxelarán a subida dos impostos para este ano. Esta decisión está motivada pola actual situación económica que se está a atravesar tanto a nivel local como global. Esta medida suporá un grande esforzo para as arcas municipais, xa que a previsión municipal é que a partida de ingreso corrente descenda ao redor dun 5%.

■ Bonificacións ▼

Ademais da conxelación dos impostos, haberá que sumar as bonificacións que o Concello promove para este exercicio 2010. A domiciliación dos recibos, por exemplo, suporá un aforro dun 3% nos pagamentos. Ademais, o Goberno do Concello de Oleiros segue apostando polo fomento do emprego dos nosos veciños, deste xeito establécese unha bonificación do 50% no imposto de actividades económicas (IAE), para aquelas empresas deste concello que contén entre os seus empregados con máis do 10% de traballadores de Oleiros con contrato fixo e para

as que non cheguen a esta porcentaxe, a bonificación será do 25%. Tamén as entidades deportivas terán unha bonificación do 100% do importe da taxa pola utilización das instalacións deportivas municipais. Así mesmo, establécense, entre outras, bonificacións do 60% no imposto de instalacións, construción e obras (ICIO) para aquelas obras de reforma que teñan como finalidade favorecer o acceso das persoas discapacitadas e do 50% no imposto de vehículos de tracción mecánica (IVTM) para os vehículos híbridos ou eléctricos.

■ Retirada de vehículos ▼

De forma excepcional, o Concello estuda a posibilidade de subir a taxa municipal por retirada de vehículos. Esta subida perseguiría dous obxectivos fundamentais; por unha parte servir como medida disuasoria para os posibles infractores e contribuír a sufragar o custo deste servizo que na actualidade resulta moi custoso para as arcas municipais.

ARRANCA O PROGRAMA COMPLEMENTARIO DE EDUCACIÓN FÍSICA ▼

■ *O obxectivo desta iniciativa municipal é completar a materia de Educación Física e posibilitar o desenvolvemento de deportes como o remo ou a natación, que polas súas características non se poden practicar nos centros de ensino.*

◆ O Concello puxo en marcha ao longo deste mes de xaneiro, e por sexto ano consecutivo, o seu programa complementario de Educación Física para os centros de ensino público de Oleiros. Esta iniciativa está dirixida ao alumnado do concello e o seu obxectivo é complementar a propia materia de Educación Física, incluíndo unidades didácticas de actividades, que polas súas características materiais e de infraestrutura, os propios departamentos de Educación Física dos centros de ensino non poderían realizar por si mesmos. Deste xeito, desde o propio Concello, ademais de favorecer unha formación físico-deportiva máis completa, enriquecedora e diversificada,

estase a fomentar o coñecemento de actividades e instalacións municipais que o Concello de Oleiros ten á disposición da comunidade escolar e dos veciños en xeral.

Así, as unidades didácticas que se programan inclúen actividades como a natación nas piscinas municipais, a escalada deportiva no Pavillón Municipal de Bastiagueiro, o kaiak de mar, o surf e o bodyboard no náutico de Bastiagueiro, o remo na Fábrica, o hóckey e, este ano por primeira vez, o rugby adaptado.

O Concello de Oleiros financia a totalidade do custo de profesorado especializado e o servizo de transporte ata as respectivas instalacións.



■ Alumnos da pasada edición do programa complementario de Educación Física mentres practican actividades náuticas fronte a Santa Cristina

MÁIS DE 210 VECIÑOS PARTICIPAN NA LIGA MUNICIPAL DE FÚTBOL SALA ▼

◆ A Liga Municipal de Fútbol Sala é unha das competicións deportivas con máis participantes en Oleiros. O campionato está formado por 18 equipos nos que están inscritos un total de 210 participantes. A primeira xornada da presente edición disputouse ao longo do pasado mes de novembro. Os partidos estanse a disputar os luns, martes e venres no polideportivo municipal de Canide ás 21.00 horas. O Concello conta coa colaboración do Club Mera Fútbol Sala, para realizar as funcións coordinativas e de arbitraje dos partidos.

A LIGA ESCOLAR DE JUDO DO CONCELLO, UNHA COMPETICIÓN VIBRANTE ▼

◆ A Liga Escolar de Judo do Concello de Oleiros está dirixida a todos aqueles rapaces menores de 17 anos que practican judo nas casas do pobo de Perillo, Dorneda, Santa Cruz e Mera, así como no colexio A Rabadeira. A competición dispútase en equipos de catro judokas, realizando varios combates en cada xornada. O gañador decídese nun play-off final que se celebrará o 6 de febreiro na categoría de menores de 15 e de menores de 17 anos, e o 6 de marzo para a categoría de menores de 13 e de 11 anos. Con esta iniciativa preténdese diversificar a actividade deportiva en idade escolar e en concreto, apostar pola dinamización desta actividade nas casas do pobo. O Concello conta para a organización desta liga coa colaboración do Judo Club Oleiros.



QUEREMOS COÑECERTE! ▼

Se es deportista federado/a e veciño/a de Oleiros, pero pertences a un club de fóra do noso concello, ponte en contacto connosco para dar a coñecer e poñer en valor os teus logros deportivos. Envía un correo electrónico a deportes@oleiros.org e comparte os teus éxitos co resto dos veciños.



O CONCELLO REGULA O USO DAS CASAS DE PRÉSTAMO ▼

◆ As distintas casas e fincas que o Concello pon a disposición dos veciños, especialmente da mocidade que as solicitan para reunións e festas, están a ter unha forte demanda. Á marxe da xente nova, as instalacións son solicitadas por outros veciños para realizar comidas familiares con motivo da celebración de onomásticas e outro tipo de festas. Ademais das casas Echeverri, Agramar, as Torres de Santa Cruz ou a finca de Bastiagueiro, estase autorizando por parte de Goberno local o uso das casas do pobo instaladas en cada localidade do municipio. Co obxectivo de que as casas de préstamo non perdan o seu fin principal, que é habilitar espazos para o encontro e a celebración de festas da mocidade, o Concello procedeu a elaborar unha nova regulación sobre os usos prioritarios de cada unha destas edificacións. Este regulamento

fixará aspectos como o número máximo de persoas que poden utilizar estas instalacións ou o tipo de actividade, polo que no futuro a adxudicación en préstamo das instalacións se realizará en base ao número de asistentes e en función das actividades que se vaian desenvolver por parte das persoas solicitantes. Para estes préstamos, sempre terá prioridade a xente nova, pero sen excluír en ningún momento a outros demandantes.

Ademais e posto que o uso destas edificacións é totalmente gratuito, o Concello esixirá o máximo respecto coas instalacións e obrigará ás persoas usuarias a devolver as casas en perfectas condicións de conservación e limpeza.



■ Casa de Agramar



■ Vista da finca de Bastiagueiro



■ Casa Echeverri



■ Vista das torres de Santa Cruz

COBERTURA DE TELEFONÍA MÓBIL ►

◆ Aínda seguen a ser moitos os veciños que insisten en achacar a responsabilidade da falta de cobertura do seu teléfono móbil ao Concello de Oleiros. O mal funcionamento ou as carencias dun produto que calquera comerciante ofrezca, administre ou venda ten un único responsable, que non é outro que o explotador do citado produto. O que debe facer o cidadán a quen non lle preste o servizo pactado é ou ben prescindir dos servizos da empresa que o enganou e denuncia por presunta estafa ou cambiar a outra empresa que si preste o dito servizo.

No Concello de Oleiros, nos últimos anos, levouse a cabo un plan de implantación co fin de dar máis cobertura móbil ás distintas empresas que existen no mercado. Este estudo contou cos informes autonómicos e do Ministerio responsable das telecomunicación do Estado e recibiu a súa aprobación. No traballo participaron as empresas Orange, Vodafone e Movistar. Son estas e non o Concello, as únicas responsables da cobertura dos aparatos móbiles. A elas deben dirixirse para solucionar o problema ou tomar as medidas mencionadas.

INFORME: Este documento forma parte da proposta de resolución de data 09 de setembro de 2009, do expediente do Plan de Implantación de Telefonía Móvil en Oleiros, 23 de setembro de 2009. A Coordinadora de Servizos Vexatación: Marta Bosch Pérez.

ANEXO
AL PLAN DE IMPLANTACIÓN
DE TELEFONIA MÓBIL EN EL
CONCELLO DE OLEIROS:
MEJORAS EN MIMETIZACIÓN DE
EMPLAZAMIENTOS

PLAN DE IMPLANTACIÓN PRESENTADO EN EL 23/10/2006 CON Nº VISADO P-00622696 DEL COIT.

REGISTRO
 ENTRADA
 Nº de registro: 2009/10562
 Data: 16/09/2009 11:33:25

Descripción	Anexo al Plan de Implantación de Telefonía Móvil en el Concello de Oleiros	Fecha	Julio/2009
		Versión	1

O GOBERNO LOCAL OFERTA DÚAS PARCELAS PARA QUE SE CONSTRÚA UN NOVO CENTRO DE EDUCACIÓN PRIMARIA ►

◆ O Goberno municipal ofertou á Xunta o solo necesario para que se constrúa, nun prazo inmediato, un novo centro de educación primaria no municipio, dada a carencia de prazas escolares que sofre o concello. Este problema maniféstase de forma especial na zona sur do municipio. O Concello considera que este centro debe edificarse onde a demanda de matrículas sexa maior, evitando deste xeito ao alumnado longos desprazamentos a través do transporte escolar. Polo que o Goberno local considera que o colexio debería situarse ou ben na parroquia de Nós, ou na de Dorneda, polo que se ofertou á Xunta dúas parcelas en Nós e outra na localidade de Abeleiras, en Dorneda. Con esta alta oferta de solo, a Xunta non terá desculpa para non acometer a obra de construción do novo centro escolar.

CHEGA O ENTROIDO, CHEGA A FESTA

◆ O entroido é unha tradición en Oleiros. Desde hai máis de 20 anos, cando chega o mes de febreiro, o Concello implícase na celebración desta festa. Tanto o departamento de Cultura como o de Benestar Social encárganse de organizar distintos eventos para os veciños e as veciñas durante estas datas. Este ano a Concellería de Benestar Social preparará o Entroido para maiores que se celebra no pavillón polideportivo de Oleiros. Ademais do tradicional concurso de disfraces e choqueiros terá lugar a actuación sorpresa que todos os anos protagoniza o alcalde. Haberá chocolatada e a festa estará amenizada por unha orquestra.

Ademais, desde o departamento de Cultura axudan a dinamizar as distintas festas de Entroido que organizan as entidades sociais de cada parroquia e que se levan a cabo nas Casas do Pobo e Centros Cívicos. O Concello colaborará este ano con diferentes grupos de animación que realizarán xogos, desfiles e bailes.



O OBRADOIRO DE TEATRO

◆ Ao longo do mes de febreiro o Concello iniciará un novo obradoiro de teatro no que as persoas participantes poidan entrar en contacto co mundo da interpretación. Esta actividade pretende proporcionar aos alumnos e ás alumnas a oportunidade de analizar, comprender e comunicar ideas e sentimentos. As clases impartiranse no Teatro municipal As Torres, en Santa Cruz. As sesións terán lugar os luns e martes das 18.00 ás 20.00 horas.



NON TE PERDAS A VIAXE CULTURAL DE SEMANA SANTA ▼

◆ Un ano máis o Concello organiza unha viaxe cultural durante os días de Semana Santa. Este ano a saída está programada para o día 1 de abril e a volta será o día 4. O destino aínda non se concretou, mais prevese a posibilidade de visitar Barcelona e outros puntos de Cataluña. O Concello oferta ao redor de 40 prazas. O obxectivo desta iniciativa é que as persoas participantes poidan gozar da gran riqueza patrimonial e cultural que presentan as vilas e as cidades da península.



CONTINÚA O OBRADOIRO DE OLERÍA

◆ A olería ten unha longa tradición en Oleiros, por iso, desde a área de Cultura do Concello, apostouse por un curso que mostrará as distintas técnicas e formas de tratar o barro. No 2010 continuará este obradoiro iniciado en outubro de 2009. O curso realízase no alfar situado no parque das Torres, en Santa Cruz. As clases impártense os luns e os martes de 16.30 a 18.30 horas e de 18.30 a 20.30 horas.

Este obradoiro pretende que os alumnos aprecien o feito artesán, o identifiquen cos valores culturais do concello e que coñezan o proceso de creación dunha peza de barro, desde o moldeado ata a cocción. Así mesmo, os asistentes coñecerán os diferentes instrumentos de transformación do material e das técnicas utilizadas.



OLEIROS PRESENTA UNHA INTERESANTE AXENDA CULTURAL PARA O PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO ▼

■ A área de Cultura do Concello porá en marcha ao longo do mes de febreiro a programación de teatro e música pertencente á Rede Galega de Teatros e Auditorios de Galicia. Oleiros participa neste programa co obxectivo de manter unha programación estable e de calidade que satisfaga os nosos veciños e veciñas. Todas as representacións teatrais terán lugar no Auditorio Gabriel García Márquez, en Mera, ás 20.30 horas. Estas actuacións están dirixidas a un público maior de 12 anos. As fins de semana de febreiro e marzo centran todas as actuacións. Pero ademais, durante o mes de xaneiro, e fóra deste programa, o Concello acolle o pase da obra **A Gata sobre o tellado de zinc quente** da compañía Axóuxere Teatro.

■ «O SEGREDO DOS HOFFMAN»

Data: 6 de febreiro

Hora: 20.30 horas

Prezo: 3,5 euros

A compañía Lagarta, Lagarta representa *O segredo dos Hoffman*. Unha historia onde unha familia, rota por un segredo oculto durante anos, reúnese con motivo do falecemento da avoa Constanza. Os seus records, soños e anhelos describen un universo pechado, de enorme carga emotiva, nun texto coral que debulla unha historia intensa e envolvente.



■ «A ESMORGA»

Data: 27 de febreiro

Hora: 20.30 horas

Prezo: 5 euros

Sarabela Teatro representa *A Esmorga*, unha das obras cume da narrativa galega feita teatro no cincuenta aniversario da súa publicación. Un espectáculo moi logrado que segundo os responsables do programa é «capaz de facer sangrar a chuvia e chorar o lume».



■ «COLGADOS»

Data: 13 de marzo

Hora: 20.30 horas

Prezo: 2,5 euros

Colgados é un espectáculo representado pola compañía Áncora Producións que está ambientado nunha época de crise. O protagonista é Homesoga, unha especie de colgado profesional. A súa historia está chea de humor e misterio.



■ «PALABRAS ENCADEADAS»

Data: 20 de marzo

Hora: 20.30 horas

Prezo: 3,5 euros

Palabras encadeadas trata sobre un psicópata e a súa vítima, secuestrada nun espazo sen posibilidade de fuxida aparente. A obra descobre unha trama chea de intriga, onde ambos buscan a verdade que os levou a esta situación extrema, o papel de culpable vai de man en man. A compañía Talía Teatro será a encargada de pór este espectáculo en escena.



■ «KVETCH»

Data: 27 de marzo

Hora: 20.30 horas

Prezo: 3,5 euros

A compañía Teatro do Morcego presentará *KVETCH*, unha comedia americana sobre a ansiedade. Este espectáculo cunha forte carga de sarcasmo que reproduce en clave de humor os problemas, os medos e as frustracións cotiás. O fío condutor xira en torno a unha personaxe que pode dicir en alto aquilo que pensa sen que os demais poidan escoitalo.



CONTINUÁN AS EXPOSICIÓNS NA CASA CHARRY



Ademais... ▼

■ «A GATA SOBRE O TELLADO DE ZINC QUENTE»

Data: 30 de xaneiro

Hora: 20.30 horas / *Entrada libre*

A Gata sobre o tellado de zinc quente xira ao redor da inminente morte dun pai. Onde a herdanza das terras provoca as disputas entre dúas cuñadas, mulleres dos dous únicos herdeiros. De fondo, está latente a falta de comunicación e a mentira, á que as personaxes só poden vencer a través do amor. O espectáculo corre a cargo da compañía non profesional Axóuxere Teatro.



O Concello continuará ao longo do 2010 organizando exposicións de distintas disciplinas artísticas na casa Charry. O horario de apertura desta sala é de luns a sábado, das 19.00 ás 21.00 h. Con estas exposicións o Concello quere contribuír a difundir a cultura en todos os eidos, e incidir no desenvolvemento da educación artística dos nosos veciños e veciñas.

OCIOLEIROS E XOVEOLEIROS ACHÉGASE A 2000 PARTICIPANTES EN 2010 ▼

■ No próximo mes de febreiro comezará unha nova edición de Ocioleiros e Xoveoleiros. O programa de ocio para todas as idades que organiza o Concello de Oleiros conta cunha grande oferta de actividades, que engloban desde prácticas deportivas ata a elaboración de tapas, pasando por sesións de teatro, pintura, cociña ou risoterapia.

◆ A edición 2010 de Ocioleiros e Xoveoleiros presenta unha serie de novidades moi atractivas. A organización inclúe sesións de deportes alternativos, onde os distintos grupos de participantes poderán gozar de xogos con indiacas, saltos en balóns xigantes, botas con efecto rebote, esquis cooperativos, hóckey e rugby adaptado ou patinaxe en liña. Ademais, e tamén no apartado de actividades deportivas, preséntase unha nova disciplina de xogos tradicionais, onde as persoas participantes poderán gozar de xogos como a billarda, os birlos celtas, a buxaina, as carreiras de sacos.



Tamén se introduce outra actividade chamada Espazo Verde que ten como obxectivo aprender un pouco máis sobre o coidado das plantas domésticas, tanto de interior como de exterior. Dentro destas actividades de xardinería, o Concello non descarta impartir algunhas sesións que axuden ás persoas parti-

pantes a familiarizarse cos hortos ecolóxicos e coa horticultura en xeral. Así mesmo, o Concello prevé ampliar as actividades de teatro a todos os bloques de idades. Esta decisión fundaméntase no éxito de participación que acadou na pasada edición a disciplina de teatro Cabaré.

A participación e a implicación dos oleirenses neste programa de ocio medrou de forma notoria ao longo dos anos. Na pasada edición superáronse as 1.500 persoas participantes e este ano espera sobrepasarse esa cifra, achegándose ás 2.000. O obxectivo fundamental desta iniciativa é enriquecer o tempo libre dos veciños e das veciñas de Oleiros, ao mesmo tempo que se fomenta a relación entre as diferentes parroquias do Concello. Como premio final, quen asista optará a unha viaxe que se sorteará cara ao final da primavera, despois do remate das actividades no mes de maio.



Ocioleiros... onde todo encaixa para que goces do teu tempo



De 14 a 17 anos



De 18 a 35 anos



de 36 a 60 anos

Un puzzle de actividades

- MONOPATÍN I - II
- ESCALADA DEPORTIVA
- GRAFFITI
- DÚBIDA SEXO
- DANZAS ACTUAIS (batuka, funky, hip-hop...)
- TEATRO
- COCIÑA
- REPOSTERÍA
- VIDEOFORUM
- DEPORTES ALTERNATIVOS (indiacas, malabares, rugby adaptado...)

- BALONCESTO 3X3
- ESCALADA DEPORTIVA EN ROCÓDROMO
- FÚTBOL SALA
- PATINAXE EN LIÑA
- AQUAGYM (ximnasia acuática)
- XOQUEMOS COMO GALEGOS! (xogos tradicionais)
- PILATES
- DANZAS ACTUAIS (funky, hip-hop...)
- TEATRO CABARÉ
- PINTURA
- BAILES DE SALÓN I - II
- COCIÑA
- REPOSTERÍA
- TAPAS E APERITIVOS
- RISOTERAPIA
- VIDEOFORUM
- OBRADOIRO CATA DE VIÑOS GALEGOS
- ESPAZO VERDE (coidado de xardín e coidado de hortas)

- NATACIÓN
- PATINAXE EN LIÑA
- DEPORTES ALTERNATIVOS (indiacas, kangoo, malabares...)
- PILATES
- FOTOGRAFÍA DIXITAL
- INFORMÁTICA I - II - III
- TÉCNICAS DE RELAXACIÓN E CRECEMENTO PERSOAL
- TEATRO
- PINTURA
- RISOTERAPIA
- ESPAZO VERDE (coidado de xardín e coidado de hortas)
- OBRADOIRO CATA DE VIÑOS GALEGOS
- BAILES DE SALÓN I - II - III
- REPOSTERÍA
- TAPAS E APERITIVOS

Teléfono do Veciño

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

981 610 000

•Concello de Oleiros 981 610 000

Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Mercado municipal	981 638 158
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 626 241
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Protección Civil	981 636 933

Centros municipais de actividades

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 614 784
Casa do Pobo de Mera	981 617 662
Casa do Pobo de Iñas	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Dexo-Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Casa do Pobo de Dorneda	981 614 326
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 155
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083

Centros educativos

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
EI O Vilar / Nós	981 664 257
EI A Pardela / Os Regos	981 631 788
EI As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	981 638 903
IES Miraflores / Oleiros	981 631 615
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luis Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
CEIP Valle Inclán / Perillo	981 636 754
CEIP A Rabadeira / Oleiros	981 610 023

Bibliotecas

Central Rialda / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
María José Trincado / Mera	981 628 507
Mª José Ruso / Dorneda	981 614 111
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
F. García Lorca / Montrove	981 639 515

Querida lúa

O ciclo da lúa

Medra	23 xaneiro / 22 febreiro / 23 marzo
Chea	30 xaneiro / 28 febreiro / 30 marzo
Mingua	7 xaneiro / 5 febreiro / 7 marzo
Nova	15 xaneiro / 14 febreiro / 15 marzo

Transportes

En Oleiros TAXI a domicilio no
981 243 333

Horarios Cal Pita

- Aeroporto de Alvedro 981 187 200
- Estación autobuses A Coruña 981 184 335
- Estación FFCC San Cristovo 902 240 202

1 > A Coruña > Fonteculler > O Burgo > San Pedro <	Laborables Ida 6:45 ■ 6:55 ■ 7:10 ■ 7:25 ■ 7:35 ■ 7:45 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Volta 7 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Sábados Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8-22:30 cada 30' Volta 7:30 a 22:30 cada 30' Dom+fest Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8 a 22:30 cada 30' Volta 7:30 a 22:30 cada 30'
2 > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros <	Laborables Ida 7:05 a 22:05 cada hora. Volta 7:35 a 22:35 cada hora Sábados Ida 8:05 a 22:05 cada hora. Volta 8:35 a 20:35 cada hora Dom+fest Ida 10:05 a 20:05 cada hora. Volta 10:35 a 20:35 cada hora
2a > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida 7:05. Volta 7:30 Sábados Ida 8:05 ■ 14:05. Volta 8:30 ■ 14:30 Dom+fest Ida 10:05 ■ 14:05. Volta 10:30 ■ 14:30
2b > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Pousada <	Laborables Ida 16:05. Volta 16:35 Sábados Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35 Dom+fest Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35
3 > A Coruña > Perillo > Nos > O Carballo > Oleiros > Sada <	Laborables Ida 6:55 a 20:55 cada hora ■ último ás 22. Volta 6:55 a 21:55 cada hora Sábados Ida 6:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 7:55 a 21:55 cada 2 horas Dom+fest Ida 8:55 ■ 10:55 ■ 13:05 ■ 14:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 9:55 a 21:55 cada 2 horas
4 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Sada <	Laborables Ida 6:25 a 21:25 cada hora. Volta 6:25 a 21:25 cada hora Sábados Ida 6:25 ■ 8:25 a 20:55 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:25 a 21:25 cada hora Dom+fest Ida 8:25 a 20:25 cada hora ■ Último ás 22. Volta 8:25 a 21:25 cada hora
6 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta <	Laborables Ida 6:50 ■ 7:10 ■ 13:05 ■ de 7:40 a 20:40 cada hora ■ De 8 a 12 cada hora ■ De 14 a 20 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:10 a 21:10 cada hora ■ De 7:30 a 19:30 cada hora ■ 20:50 ■ 22:30 Sábados Ida 8:50 ■ 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 9:10 a 21:10 cada hora Dom+fest Ida 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 10:10 a 21:10 cada hora
6a > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Oleiros 8 ■ a Soñeiro 20 Volta a Oleiros 8:40 ■ a Soñeiro 20:40
6b > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Franzomel > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Soñeiro 13:10. Volta de Soñeiro 13:50 Sábados Ida a Oleiros 11 ■ 21:10. Volta de Oleiros 11:30 ■ 21:45 Dom+fest Ida a Oleiros 10:20 e 13:10. Volta de Oleiros 10:45 ■ 13:35
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz <	Sábados+dom+fest Ida 10 a 21 cada hora Volta 10:30 a 21:30 cada hora
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cristina <	Luns a domingos Ida 10:20 a 20:20 cada hora Volta 10:50 a 20:50 cada hora



*Xa somos
33.869
veciños/as
censados/as!*

Ata o 9 de decembro, o censo por parroquias é de:

DEXO (Santa María)	1.381
DORNEDA (San Martiño)	3.445
IÑÁS (San Xurxo)	1.226
LIÁNS (Santa Eulalia)	9.782
MAIANCA (San Cosme)	1.173
NÓS (San Pedro)	4.549
OLEIROS (Santa María)	2.923
PERILLO (Santa Leocadia)	7.816
SERANTES (San Xulián)	1.574
TOTAL	33.869

Farmacias de garda

	Datas
■ MARTA VIGUERA MOSQUERA Mera-Rúa Miramar, nº 4 (Serantes) ● Teléfono: 981 617 937	Do 1 ao 7 de xaneiro Do 19 ao 25 de febreiro
■ Mª TERESA MIGUÉLEZ FREIRE Avda. Rosalía de Castro, nº 247 (Perillo) ● Teléfono: 981 635 024	Do 8 ao 14 de xaneiro Do 26 de febreiro ao 4 de marzo
■ Mª ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas, nº 247 (Nos) ● Teléfono: 981 663 890	Do 15 ao 21 de xaneiro Do 5 ao 11 de marzo
■ CARMEN CASARIEGO TORRES Santa Cruz-Rúa Francisco Comesaña, nº 4-6 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 503	Do 22 ao 28 de xaneiro Do 12 ao 18 de marzo
■ TERESA LEMA ESPASANDÍN Arillo-Avda. República Argentina, nº 95 (Dorneda) ● Teléfono: 981 648 440	Do 29 de xaneiro ao 4 de febreiro Do 19 ao 25 de marzo
■ MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Urbanización Os Regos-Isaac Díaz Pardo, nº 4 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 184	Do 5 ao 11 de febreiro Do 26 de marzo ao 1 de abril
■ SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño, nº 1- A (Oleiros) ● Teléfono: 981 610 027	Do 12 ao 18 de febreiro

EN MARCHA: o campo de golf en Dorneda



◆ Estase a tramitar o expediente urbanístico para realizar as obras do campo de golf que está incluído dentro do plan parcial SUD-11, e cuxo ámbito total é de 114 hectáreas contando a zona urbanizable e os espazos verdes de titularidade municipal, anexos ao complexo. Na actualidade, xa foi presentado o estudo necesario que avalía o impacto medioambiental na zona, cuxo informe foi favorable por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de

Galicia. Os camiños públicos que cruzan as instalacións serán respectados e manterán o seu carácter público. Ademais conservarase a vexetación autóctona naqueles puntos que non se atopan dentro da zona de xogo.

Esta actuación urbanística dotará o Concello dun parque forestal de 186.000 metros cadrados nas inmediacións do campo de golf. Ademais, tamén pasará a patrimonio municipal o castro de Xaz e o seu contorno verde de 43.000 metros cadrados, 12.000

metros cadrados para un novo campo de fútbol en Dorneda, outros 5.000 para un centro escolar e 10.000 máis para o ámbito da depuración de augas. Así mesmo, esta actuación urbanística reportará ao Concello 15.000 metros cadrados na costa de Bastiagueiro e diversos servizos municipais, xunto coa futura conexión de Abeleiras coa vía Ártabra no lugar de Formos. Prevese que esta nova estrada discorra de forma paralela ao actual trazado que conduce a Meirás.

AS CESIÓNS ▼

- 186.000 m² nas inmediacións do campo de golf
- O castro de Xaz e o seu contorno verde de 43.000 m²
- 5.000 m² para un centro escolar
- 10.000 m² para a depuración de augas

- 15.000 m² na costa de Bastiagueiro
- A futura conexión de Abeleiras coa vía Ártabra
- Diversos servizos